



Concello de Vigo
Expte. 4848/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 4/2025

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 6 DE MARZO DE 2025

ORDE DO DÍA

1. Ratificación da urxencia.
2. Apoio á autovía Vigo-Porriño, en túnel, novo treito a A-52. Expte. Pleno 4850/1101.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M.^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Espinosa Mangana, Elena, concelleira do grupo municipal Socialista.
Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista
Fernández Pérez, José Manuel, concelleiro do grupo municipal Socialista.



No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e e cinco minutos (09:05) do día seis de marzo do ano dous mil vinte e cinco (06/03/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(33). RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un (21) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

2.(34). APOIO Á AUTOVÍA VIGO-PORRIÑO, EN TÚNEL, NOVO TREITO A A-52. EXPTE. PLENO 4850/1101.

ANTECEDENTES: Con data 28.02.25 a Alcaldía presentou no Rexistro do Pleno 4850/1101, a seguinte proposta de acordo,

«APOIO Á AUTOVÍA VIGO-PORRIÑO, EN TÚNEL, NOVO TREITO DA A-52

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A construción da nova autovía A-52 Vigo-Porriño é, sen dúbida, unha das demandas máis importantes da cidade de Vigo desde hai 30 anos.

O proxecto Vigo-Porriño, na súa maior parte en túnel, presentado polo Goberno de España e para o que destinará 400 millóns de euros, constitúe unha gran nova para a cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo
4877-1101

Data impresión: 22/05/2025 10:05

Páxina 2 de 6

CSV: ACAHE1-8H33EE-53528B-RB2DLY-6VMWLM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Esta reclamación histórica, que vai ser resolta cun trazado entre Vigo e O Porriño de 6,1 km e que discorre na súa maior parte en túnel, aforra tempo, combustible e evitará miles de accidentes.

Non obstante, e acorde co que fixo tantas veces contra Vigo, Feijóo rexeitouno xa no ano 2022 sen coñecer sequera o seu trazado. Agora, o PP e o BNG unen os seus esforzos para intentar a súa paralización, e asistimos a un escenario inaudito de oposición frontal á autovía directa de Vigo a Porriño por parte de Feijóo, Rueda, Pontón, o PP de España, o PP de Galicia, o PP de Vigo, o BNG de Galicia e o BNG de Vigo.

Exactamente igual que cando nos arrebataron a Caixa de Aforros, cando nos deixaron sen tren de Alta Velocidade directo Vigo-Madrid, cando o PP quixo pechar o aeroporto de Vigo, cando intentou desposuírnos do Partido Xudicial ou cando paralizou a Declaración das Cíes como Patrimonio da Humanidade e a creación da Área Metropolitana de Vigo.

No debate celebrado o pasado 25 de febreiro no Senado, o Partido Popular de España e o BNG votaron en contra da nova autovía Vigo-Porriño en túnel.

Naquela sesión, a senadora Nidia Arévalo, quen liderou a oposición a Vigo, volveu incorrer nas falsidades ás que nos ten acostumados. Amais, nesta ocasión dedicouse tamén a difundir un bulo ao afirmar reiteradamente que a obsoleta e terriblemente nefasta A-55 fora deseñada, construída e promovida polo alcalde de Vigo, Abel Caballero, na súa etapa como ministro de Transportes.

Descoñecemos se este bulo ten a súa orixe en Rueda ou en Feijóo, pero si sabemos que o Partido Popular o propuxo no debate do Pleno de Vigo, a senadora Arévalo no Pleno da Cámara Alta e que, despois de ser desmentido pola senadora Carmela Silva, a senadora por Pontevedra María José Pardo volveuno suxerir de forma vergoñenta. O alcalde de Vigo, ministro de Transportes nos anos 80, como é sabido e comprobable, non tiña competencias en materia de estradas, xa que estas correspondían ao Ministerio de Obras Públicas.

Mentiras, bulos, falsidades... Para o Partido Popular e o BNG vale todo contra Vigo. Consideramos que aquelas e aqueles que menten, difaman e calumnian deben abandonar a política.

Por estes motivos, elévase ao Pleno do Concello de Vigo, para ser tratada de forma urxente, a seguinte proposta de ACORDO.../...»

Deseguido a Alcaldía emite a proposta de acordo que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 5 de marzo de 2025, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula unha emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4852/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro poñente da moción, Sr. López Font, non acepta a emenda de substitución presentada polo grupo municipal do Partido Popular.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/05/2025 10:05

Páxina 3 de 6

4877-1101

CSV: ACAHE1-8H33EE-53528B-RB2DLY-6VMWLM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

VOTACIÓN: Con dezaseis (16) votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia; e oito votos (8) en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

- 1.- Apoio total á autovía Vigo-Porriño en túnel en base ao proxecto presentado polo Goberno de España.
- 2.- Que o Goberno de España analice as alegacións presentadas durante a información pública da nova autovía A-52 Porriño-Vigo, de xeito que o conxunto da nova autovía entre O Porriño e Vigo resulte funcional e segura, e se garanta unha boa conexión coa Autovía das Rías Baixas (A-52).
- 3.- Que a concelleira Luisa Sánchez e as senadoras Nidia Arévalo e María José Pardo se desculpen e pidan perdón a Vigo pola súa oposición á autovía Vigo-Porriño en túnel e por ter lanzado o bulo responsabilizando a Abel Caballero da construción da A-55.

O texto desta moción enviarase a todas e todos os integrantes do Senado para que coñezan as falsidades verbalizadas polas senadoras Arévalo e Pardo."

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario urgente
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Jueves, 6 de Marzo de 2025 09:05:56
Fecha Fin : Jueves, 6 de Marzo de 2025 09:34:19
Duración : 00:28:23

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3545

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 381 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/X9jGxUWdcYvK6P8Qs7ME6zw1wvxfChpvRwFWIzzYaKj4c4b8.wmv>
SHA512 - 047f52524746b663560f8f4ad4f0cc625ac2a5129be10488547abaaf306f65027457ec6b05f33386b52f62f4c4d4bb93d70cad9aef40b24ac6ae897b98ffd96c



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:05	Páxina 4 de 6
4877-1101	CSV: ACAHE1-8H33EE-53528B-RB2DLY-6VMWLM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 196 MiB
 Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/VwflnWneKNeP1pHaSddF0D4lIXjSPBBKPR72SCudgqsJh8wu.mp4>
 SHA512 - ed797ccfcf611626ea6c7054eaea05ad8fab6b7cb13733693f82305031d4ff6476c5d1450b24720aa107a944a5a71355f0948415d5fbc31be05533d6dc029163

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Silva Rego, Carmen; Interventor; Secretario; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:00:12 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:49 : 1. Ratificación de urgencia.
 00:01:46 - López Font, Carlos
 00:02:56 - Caballero Álvarez, Abel
 00:03:02 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:04:22 - Caballero Álvarez, Abel
 00:04:28 - Sanchez Mendez, Luisa María
 00:05:28 - Caballero Álvarez, Abel
 00:05:32 - Votación [9:11:32]
 00:05:43 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:05:49 - Caballero Álvarez, Abel
 00:06:07 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:06:23 - Caballero Álvarez, Abel

00:08:02 : 2. Apoyo a la autovía Vigo-Porriño, en túnel, nuevo trazado a A-52. Expte. Pleno 4850/1101.
 00:08:08 - López Font, Carlos
 00:13:11 - Caballero Álvarez, Abel
 00:13:18 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:18:21 - Caballero Álvarez, Abel
 00:18:26 - Sanchez Mendez, Luisa María
 00:23:28 - Caballero Álvarez, Abel
 00:23:36 - López Font, Carlos
 00:26:44 - Caballero Álvarez, Abel
 00:26:49 - Votación [9:32:49]
 00:28:23 : [FIN]

-- 0 --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e trinta e tres minutos (09:33)redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:05	Páxina 5 de 6
4877-1101	CSV: ACAHE1-8H33EE-53528B-RB2DLY-6VMWLM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 4/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/05/2025 10:05

Páxina 6 de 6

4877-1101

CSV: ACAHE1-8H33EE-53528B-RB2DLY-6VMWLM-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>